

Procedemento de ADMISIÓN do alumnado para as ensinanzas de
ESO e BACHARELATO
Curso 2024/2025

LISTAXE DE ALUMNADO CON POSTO RESERVADO.

✦ TODAS AS SOLICITUDES DE RESERVA FORON ADMITIDAS.

Tramitadas as solicitudes de reserva presentadas en prazo nos centros adscritos ao IES Frei Martín Sarmiento (CEIP de Vilaverde-Mourete, CEIP de Marcón e CEIP Daría González García), e resultando que os posto dispoñibles son suficientes para atendelas positivamente, conclúe o procedemento de reserva coa publicación da listaxe do alumnado con posto reservado para 1º ESO do curso 2024/2025 .

De conformidade co establecido no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, reguladora do procedemento administrativo común das administracións públicas, a listaxe do alumnado con posto reservado publicarase no taboleiro de anuncios, que unicamente será visible no interior do recinto escolar.

Así mesmo, tamén estará dispoñible a través da aplicación informática “**admisionalumnado**” <https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado> utilizando calquera dos mecanismos de identificación admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o certificado dixital e Chave365.

A solicitude de reserva é única e vinculante. Non obstante, poderá **renunciarse** a un posto reservado mediante a presentación dun escrito de renuncia no centro docente coa data límite do día 28 de febreiro de 2024.

O alumnado admitido formalizará a súa **matrícula** no IES FREI MARTÍN SARMIENTO dentro do prazo que o centro estableza, que nunca será posterior ao 7 de xullo de 2024.

Pontevedra , 22 de febreiro de 2024
A directora